

FARO DA CULTURA

nº 152 • Xoves, 9 de febreiro de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena

A escolla da figura de Manuel Lugrís Freire como autor que será homenaxeado neste ano que andamos no Día das Letras Galegas, non estivo exenta de certa polémica con base tanto nas outras candidaturas que, extraoficialmente, optaban a esta decisión como dese ruxerruxe que todos os anos se suscita verbo da modificación das bases que determinan que o autor homenaxeado estea obrigado a presentar un perfil exclusivamente literario e, cando menos, que transcorresen xa dez anos desde o seu falecemento.

Lugrís Freire, 2006

En calquera caso, teño para min que Lugrís representa e simboliza, acaidamente, unha desas figuras de nación que era preciso actualizar e presentar cunha visión que superase vellos tópicos valorativos; aínda máis cando a desmemoria deixou apenas un eco vago de ser Lugrís aquel que empregou por vez primeira a lingua galega nun mitin político en Betanzos, a inicios do século pasado, e quen asinou tamén o primeiro drama en prosa da nosa dramaturxia.

Moi polo contrario, Lugrís Freire presenta unha biografía intensa e activa, toda ela de mans dadas coa dinámica rexeneradora da Galicia que xorde desde o Rexurdimento, de xeito que son escasas, por non dicir nulas, as referencias dentro do galeguismo histórico nas que non estivese vinculado, ao exercer o papel de autor “ponte” entre os autores do Rexurdimento e mais os que se reincorporan no século XX. Facendo gala, desde novo, dun laicismo e dun republicanismo increbantables, estamos diante do principal motor da primeira publicación xornalística en lingua galega que bota a andar na Habana en 1885, baixo o nome de *A Gaita Gallega*, xunto coa colaboración de Ramón Armada Teixeira. Nesa época cubana, que abrangue de 1882 a 1896, Lugrís desenvolveu un máis que salientable papel en di-

versos medios de comunicación da colonia galega afondando sempre e con máis vigor nas conviccións rexionalistas.

O retorno a Galicia supón o seu definitivo despegue como home de acción de resonancia pública. Veláí como axiña se integra no círculo de intelectuais agrupado arredor das figuras de Pondal e Murguía na “Cova Céltica”; como participa na fundación, en calidade de membro de pleno dereito, da Real Academia Galega; como adquire un papel protagónico na Liga Gallega da Coruña e mais no sindicato agrarista Solidaridad Gallega; como participa e promove a creación das Irmandades da Fala ou se converte en membr do Seminario de Estudos Galegos cun discurso fundamental sobre a figura de Eduardo Pondal, sen esquecer a súa intervención decisiva, anos despois, na fundación da ORGA e mais do Partido Galeguista, formando parte da comisión que en 1932 redacta o anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia e chegando, en 1934, a presidir a Academia Galega.

Da xustiza e mais da memoria

RAMÓN NICOLÁS

Ademais do labor xornalístico, aínda en boa parte disperso e pendente de recolla, e do esforzo no ámbito lingüístico -coa elaboración da primeira gramática editada en lingua galega-, o traballo de Lugrís Freire nos xéneros narrativo, lírico e teatral (onde foi o autor do primeiro drama galego en prosa, como antes dixemos) resulta de excepcional funcionalidade para a Galicia do seu tempo, pois foi quen de se autoimpor a elaboración dunha obra literaria marcada fundamentalmente pola intención propagandística, por un lado, e ecoica dos modelos principais do Rexurdimento, por outra, onde a reivindicación cívica, o celtismo e o descriptivismo paisaxístico son os principais elementos caracterizadores.

Esta palmaria e indiscutible realidade que se vén de traxear sitúa a Lugrís como un personaxe de relevancia inequívoca no tempo que lle tocou vivir e convérteo nesa amentada figura de nación á que facía referencia inicialmente. Lugrís Freire entregouse, afervosamente e dominado por unha vontade irredutible, á reconstrución dunha patria, á recuperación da lingua galega e a ese labor de restauración que xa iniciaran os rexurdimentistas. Unha figura, así pois, que precisa popularizarse e, por que non, un tanto de xustiza que faga acordanza da súa memoria.

✱ UNHA ENTREVISTA CON
MOISÉS R. BARCIA / Páx. III

✱ A LIÑA QUE MEDRA: A.
CORUJEIRA EN CAIXANOVA / Páx. VI

✱ CONSTRUCCIÓN ESCÉNICA:
A FÁBRICA TEATRAL / Páx. VIII